

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 25 de maio de 2017

ACTA Nº 8/2017

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do vinte e cinco de maio do ano dous mil dezasete, réunese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D^a Paula Simal Mayo

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández, que dá fe do acto.

ORDE DO DÍA

A Parte dispositiva

1 APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (27/04/2017)

2 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

3 MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO IVTM E APROBACIÓN INICIAL DA DITA MODIFICACIÓN

4 RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26/04/2017 DE CORRECCIÓN E MODIFICACIÓN NA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN POS+ 2017

5 MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE A LIMPEZA DE CONTEDORES DE LIXO E PUNTOS ONDE ESTÁN SITUADOS

6 MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE APOIO Á MODERNIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO E Á MELLORA DA MOBILIDADE EN GALICIA

7 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

8 DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. EXECUCIÓN TRIMESTRAL 1º TRIMESTRE/2017 E MOROSIDADE 1º TRIMESTRE/2017

9 RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

B Parte de control dos órganos de goberno

10 MOCIÓNS DE URXENCIA

11 ROGOS E PREGUNTAS

A Parte dispositiva

1 APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (27/04/2017)

Votación: unanimidade

Acordo: Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 27 de abril de 2017.

2 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

A Sra. alcaldesa xustifica a proposta da delegación de competencias na Deputación para a xestión, liquidación, inspección e recadación das plusvalías debido a que hai tres postos de habilitados no Concello que están vacantes polo que hai moito traballo.

A Sra. Monteagudo di que na proposta pon que as facultades que se delegan son as de xestión, liquidación, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, o cal inclúe a xestión dos formatos de intercambios de información coa Axencia Notarial de Certificación para a recepción de comunicación de notarios. Que o exercicio das competencias levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas pola Deputación e que o tempo da delegación é por tempo indefinido, con reserva da facultade de revogación da delegación.

Que no informe de Secretaría sobre o procedemento a seguir especifica que o acordo do Pleno deberá fixar o alcance e contido da referida delegación e que esta para a súa efectividade require a aceptación da entidade local de ámbito superior, debendo especificarse as formas de control propias desta figura que se reserve o concello que delega e os medios que se poñan á disposición daquela.

Que na proposta que remiten indícase que a delegación abrangue as facultades de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva por tempo indefinido e que non se lles proporcionan ningunha información sobre o custo nin se indican cantas liquidacións deste tipo se fan ao ano nin, polo tanto, que carga de traballo supón para o Concello.

Que preguntaron na comisión informativa sobre o custo que ten esta delegación e segundo lles indicou a Sra. alcaldesa, supón un 5% do recibo no caso das voluntarias e un 75% no caso das executivas.

Que non soubo dicirlles cantas liquidacións se fan pero que afirmou que é unha carga importante de traballo para o Concello, sobre todo tendo en conta que tanto Intervención como Secretaría non teñen titular.

Que nos decretos achegados coa documentación deste Pleno, correspondentes ao mes de abril, non hai ningunha liquidación deste tipo. Que non saben se non se están facendo ou é que non hai tantas.

Que o que si saben é que o ano pasado anuláronse varios decretos de liquidación de aprobación deste imposto, por erros no cálculo segundo lles explicaron.

Que lles chama a atención que a pesar de que a ordenanza establece unha serie de bonificacións do 25% e o 50%, non se veñen aplicando con carácter xeral.

Que tamén chama a atención que as únicas propostas que este goberno fai respecto dos impostos municipais, sexan para incrementar os tipos coas subas seguintes para a cidadanía ou, como neste caso, para delegar a súa xestión noutro organismo.

Que o único imposto que se baixou foi o IBI, grazas á insistencia do seu grupo, porque a proposta inicial do grupo de goberno presentouna cando xa non era posible aplicala este ano.

Que o certo é que unha vez máis, este equipo de goberno, mostra a súa incapacidade de xestión. Que cando non é capaz de xerar un imposto, que nun mes non se fixo ningunha liquidación, nin traer ningún avance do orzamento en dous anos, nin tan sequera presentar unha proposta, a da baixado do IBI, co prazo necesario para a súa entrada en vigor neste exercicio, que o que mostra é que non é quen de facer nada que non sexa a pura tramitación ordinaria do Concello e que para iso non facía falta ter tres persoas con dedicación porque xa o fai o funcionariado sen o seu impulso.

Que dados os prexuízos que a nefasta xestión, neste como noutros temas, está a facer por parte do concelleiro de Facenda que posiblemente o mal menor sexa que a Deputación se faga cargo da xestión do imposto pero que o seu grupo non apoia que se reduzan os servizos que presta o Concello e se afastan da cidadanía polo que se van abster.

Que detectan, como noutros casos, unha serie de contradicións nas políticas deste goberno, que o que sexa competencia doutros o reclama insistentemente pero en cambio o que é competencia súa pódese deixar sen facer sen problema ningún porque sempre hai algunha escusa.

Que din que defenden a permanencia de servizos en Muros, sempre e cando sexa cousa doutras administracións pero no que ten competencia o Concello e está, polo tanto, da súa man, *escaquean* todo o que poden.

Que estas contradicións restan moita credibilidade a calquera reclamación que se faga e resulta, cando menos, chocantes para a cidadanía.

A Sra. González di que xa anunciaron o seu voto en contra na comisión informativa porque non entenden esa maneira de tirar balóns fóra.

Que este grupo de goberno desde que tomaron posesión, fixeron de todo menos traballar e que de feito o concelleiro de Facenda non pasa nin polo Concello. Que xa queda na piscina.

Que isto non é máis que froito desa desidia, desa falta de capacidade que teñen os tres. E que coincide co que dixo a voceira popular en que o único que están facendo é afastar un servizo da cidadanía porque está claro que se a hai un problema coa liquidación dalgún imposto a persoa ten que desprazarse á Coruña ao non ser que se poña en contacto coa Deputación por medios telemáticos, que por desgraza non todo o mundo controla.

Que de ningunha maneira o seu grupo está de acordo en que se afaste un servizo da cidadanía.

Que tampouco están de acordo, xa que o Concello non está para botar foguetes, en que nos cobren un 5% ou un 75% por cada imposto que tramite a Deputación e que despois ao final acaban levando ao Pleno facturas que non se poden pagar porque non chegan os cartos e que logo lle botan a culpa á oposición da mala xestión que están a facer eles.

Que tamén están de acordo co dito polo Partido Popular da falta de información. Que o que levan é unha pura chapuza porque non hai explicación de ningún tipo, non especifican cales e como serían, nin o que marca a lei.

Que xa non son moitas as plusvalías que se tramitan no Concello de Muros e que a partir de agora van ser moitas menos porque hai unha sentenza que di que só se van liquidar algunhas, non todas, non as que non supoñan un incremento patrimonial. Co cal non sabe cal é a carga de traballo que ten o Concello.

Que o problema do Concello é que non traballan e que por iso o que intentan é delegar pagando cos cartos da veciñanza.

Que no seu grupo están en contra de que se afaste ese servizo e que van intentar por todos os medios que quede aquí.

O Sr. García di que a súa postura, respecto das Deputacións é camiñar para que vaian desaparecendo e non para cargalas de máis traballo pero que tamén entenden que o servizo que lle hai que dar á cidadanía non están garantido neste momento porque o feito de que non se poidan contratar máis persoal por decisións políticas do goberno do Partido Popular, que entenden que se non hai capacidade no Concello para facelo pois que terá que facelo alguén.

Que consideran que a Deputación está totalmente capacitada para desenvolver esta xestión e que para eles o principal é que se faga.

A Sra. Monteagudo di que neste momento cre que hai prazas vacantes neste Concello e que esa limitación lle afecta igual á Deputación que acabará subcontratando o servizo.

Que o aceptan como un mal menor dado que no Concello non se está facendo o que hai que facer.

O Sr. García di que tamén o aceptan como un mal menor, que por iso, nun principio, a súa postura era absterse pero se o fan non se aprobaría e o mal sería peor e que van votar a favor para que se aprobe, como mal menor.

A Sra. alcaldesa di que é un problema da falta de persoal, provocado pola xestión do Partido Popular no goberno de España. Por esa falta de previsión para ter persoal suficiente para cubrir as vacantes de Secretaría, Intervención e Tesourería. E que Muros non é un caso especial con problemas dese tipo.

Que aínda temos a sorte de ter funcionarios e funcionarias que poden ocupar eses postos de maneira accidental pero que hai concellos que nin sequera teñen esa sorte.

Que cre que iso é entendible que provoca problemas de xestión nas dependencias e problemas de sobrecarga de traballo no funcionariado.

Que non calquera funcionario pode ocupar unha praza de habilitado nacional e que iso significa unha carga de traballo en determinados traballadores e traballadoras.

Que eles tamén apostan pola supresión das Deputación pero que tamén entenden que mentres as hai, que axuden aos concellos todo o que poidan.

Que lle fai graza a posición do Partido Socialista de que o concello non está para botar foguetes, e que é verdade, e que por iso levaron a revisión dalgunha ordenanza que o Partido Socialista votou en contra.

Que lles parece necesario facer esta delegación.

Votación:

A favor: 5 votos (3 de CxG e 2 do BNG)

Abstención: 4 do PP

En contra: 4 do PSdeG-PSOE

Acordo:

Queda rexeitada a delegación de competencias en materia de xestión, liquidación, inspección e recadación tributaria do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana a favor da Deputación da Coruña, ao requirirse para a súa aprobación a maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, segundo establecido no artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3 MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO IVTM E APROBACIÓN INICIAL DA DITA MODIFICACIÓN

A Sra. Monteagudo di que tal e como manifestou na comisión informativa quere engadir unha addenda á proposta e dálla aos concelleiros e ás concelleiras.

Continúa a súa intervención dicindo que cando o equipo de goberno presentou a subida do IVTM quixo agochar esa subida na aplicación dunha exención para determinados colectivos equiparados ás persoas con discapacidade.

Que esa subida do imposto non foi aprobada no Pleno e que o que poñían de escusa para a modificación da ordenanza, a aplicación da exención para persoas con discapacidade esquecérono por completo pero que ás persoas afectadas non e a eles tampouco, razón pola que presentan esta moción para tratar de resolver un problema a un colectivo sensible que ademais cren que teñen razón na súa reivindicación.

Dá lectura á moción:

“A voceira do grupo popular municipal do Concello de Muros, Inés Monteagudo Romero, en nome propio e no do grupo popular, preséntalle ao Pleno para o seu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de outubro o goberno local presentou ao Pleno unha proposta de modificación da ordenanza do imposto de vehículos de tracción mecánica, na que propoñía unha suba do 8% na cota. A proposta non saíu adiante ao non acadar os votos necesarios para a súa aprobación.

A lei reguladoras das facendas locais prevé unha serie de exencións deste imposto no artigo 93, entre as que inclúe os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos. Inclúe tamén como exentos os vehículos matriculados a nome de discapacitados para o seu uso exclusivo, considerando persoas con discapacidade ás que teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33%.

A Deputación Provincial da Coruña vén denegando a aplicación desta exención ás persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e aos/ás pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, alegando que deben presentar o certificado de discapacidade emitido pola consellería competente.

O artigo 4 do RDLex 1/2013, polo que se aproba o texto refundido da Lei de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, sinala que “terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas a quen se lles recoñeceu un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% os pensionistas da Seguridade Social que teña recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade”. Polo tanto, a extensión do concepto de discapacidade dáse con carácter xeral, en congruencia coa interpretación extensiva dos dereitos das persoas con discapacidade e de calquera norma que lles afecte favorablemente, de acordo co previsto na convención e na normativa nacional que a desenvolve. A propia valedora do pobo insta á Deputación da Coruña a aplicar o texto legal citado, por enriba da ordenanza, que neste aspecto debe interpretarse tacitamente modificada.

Aínda así, a Deputación négase a aplicar a exención, e deriva o problema aos concellos, aos que lles pide que modifiquen as ordenanzas para recoller unha exención que debería aplicar por lei.

Dado que é unha problemática que afecta a un sector especialmente sensible, e á que debemos poñer solución, propoñemos engadir un artigo á ordenanza reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica no que se establece a equiparación recollida na lei.

Polo exposto, solicitamos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Incluír un artigo 4 na Ordenanza reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica co seguinte texto:

Artigo 4

En relación coa exención prevista no artigo 93.1 e) da LRFL aplicarase o disposto no artigo 4 do RD lexislativo 1/2013, polo que se consideran persoas con discapacidade aquelas a quen se lles recoñeceu un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% os/as pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Addenda: A Resolución que lles recoñece a pensión terá idéntica validez a estes efectos que o certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia.”

Explica que a razón de incluír a addenda é que queren asegurarse de que a Deputación lle vai aplicar a exención a estes colectivos aos que lle están poñendo dificultades a pesar da equiparación legal.

Que existe unha recomendación da valedora do pobo dirixida á Deputación da Coruña, na que lle insta a revisar unha resolución na que se denega a exención do imposto a un pensionista por inutilidade, considerando a valedora que lle é de aplicación a extensión do concepto prevista no artigo 4.

A Sra. González mostra as súas dúbidas de que a addenda valerá ao que contesta a Sra. Monteagudo que está noutras ordenanzas.

Di que o seu grupo non ten ningún problema.

O Sr. García di que están a favor do acordo que se presenta pero non que non tanto coa exposición de motivos que lle parece máis ben pretender ensuciar o traballo que fai a Deputación, que tan só é unha xestora.

Que hai que modificar a ordenanza e que niso están de acordo.

A Sra. alcaldesa di que se alegra de que o Partido Popular de Muros se dera conta de que realmente era necesario incluílo na ordenanza porque cando o grupo de goberno levou a modificación en outubro, que se pode comprobar visualizando o vídeo do Pleno a partir da hora e dezasete minutos, a portavoz do Partido Popular acusábaa de mentir e dicía que non era necesario incluír a modificación na ordenanza porque estaba recollida na lei.

Que naquela ocasión xa explicaron que si que era necesario porque a Deputación non estaba recoñecendo esta situación.

Que é evidente que non mentía e que é necesario incluílo na ordenanza e que se alegra de que o Partido Popular se dera conta.

Que tiñan pensado levar o tema ao Pleno pero que o fixo antes o Partido Popular e non teñen ningún problema e levalo como moción do PP.

Votación: unanimidade.

Acordo.

Apróbase a moción presentada polo Partido Popular de modificación da ordenanza do IVTM incluíndo a addenda presentada.

Como consecuencia apróbase:

PRIMEIRO: Facer uso das facultades que confire o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias e aprobar provisionalmente a modificación engadindo un novo artigo, o artigo 4 da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, coa seguinte redacción:

“Artigo 4: disposto no artigo 4 do RD Lexislativo 1/2013, polo que se consideran persoas con discapacidade aquelas a quen se lles recoñeceu un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Considérase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Para o que achegarán a documentación acreditativa da condición que aleguen.

A resolución que lles recoñece a pensión terá idéntica validez a estes efectos que o certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia.”

SEGUNDO.- Expoñer ao público o presente acordo nos lugares sinalados no artigo 17 do TRLHL por un prazo de 30 días hábiles a fin de que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, o que se acreditará por certificación do secretario, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa publicación no boletín oficial da provincia en unión do texto íntegro modificado da respectiva ordenanza fiscal.

CUARTO.- Que se prosigan os demais trámites do expediente.

4 RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26/04/2017 DE CORRECCIÓN E MODIFICACIÓN NA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN POS+ 2017

A Sra. alcaldesa di que xa explicaran na comisión informativa que o que se fixo foi dar resposta aos requirimentos de Deputación e Patrimonio.

Que son cambios que non afecta aos proxectos, unicamente algo a requirimento de Patrimonio no da prazo do Cristo de Tal, relativos a unha árbore e a unhas escaleiras.

A Sra. Monteagudo di que entenden que se trata de correccións de obrigado cumprimento e de carácter técnico, que non van entrar a valorar.

Os grupos de PSdeG-PSOE e BNG non teñen nada que comentar e a Sra. alcaldesa dá paso á votación:

A favor: 9 votos (4 do PP, 3 de CxG e 2 do BNG)

Abstención: 4 do PSdeG-PSOE.

Acordo:

O Pleno ratifica o acordo da Xunta de Goberno Local do 26/04/2017 de corrección e modificación na solicitude de subvención POS+ 2017:

“2 Correccións e modificacións na solicitude de subvención POS+/2017.

Visto o requirimento da Deputación da Coruña do 10 de abril de 2017 en relación á solicitude de subvención feita polo Concello de Muros ao abeiro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2017, aprobado polo Pleno deste Concello na sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2017.

Visto a resolución da directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante a cal non autorizan as obras de “Mellora da praza do Cristo de Tal” debendo presentar nova proposta corrixida segundo o sinalado no informe da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Galego da Coruña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora e reparación do cemiterio da Atalaia” elaborado polo arquitecto técnico, Pablo Castro Pais, que ten un orzamento de 69.026,59 €, IVE incluído, para adaptalo ao requirimento da Deputación da Coruña

2.- Aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora da praza do Cristo de Tal”, elaborado polo arquitecto, César Viana Ferreiro, que ten un orzamento de 79.950,76 €, para dar cumprimento as esixencias do informe da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Galego da Coruña

3.- Aprobar o anexo I do modelo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, unha vez corrixidos os erros.

“ANEXO I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2017”

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	10.681,53
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Subtotal pago a provedores	10.681,53

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	180.000,00
Subtotal gasto corrente	180.000,00

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora e reparacións no cemiterio da Atalaia	60.283,74	8.742,85	69.026,59
Mellora do camiño no lugar de Torea	90.597,13	21.287,72	111.884,85
Subtotal investimentos achega provincial 2017	150.880,87	30.030,57	180.911,44

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total

Mellora das infraestruturas hidráulicas na Ribeira do Maio	192.937,47	15.777,46	208.714,93
Subtotal investimentos achega provincial 2016	192.937,47	15.777,46	208.714,93

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Mellora da praza do Cristo en Tal	79.948,78	2,08	79.950,86
Ampliación sup. vestiarios, accesos e evacuación das instalacións campo de fútbol Eleuterio Balayo	59.998,50	0	59.998,50
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	139.947,28	2,08	139.949,36

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0
Subtotal achegas municipais	0

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
Bankinter	0510001883	78.943,14
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		78.943,14

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	10.681,53		10.681,53
	Achega 2017	0		0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	180.000,00		180.000,00
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	150.880,87	30.030,57	180.911,44
	Achega 2016	192.937,47	15.777,46	208.714,93
	Préstamo 2017	139.947,28	2,08	139.949,36
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0		0
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0		0
	Achega 2016	0		0
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	78.943,14		78.943,14
TOTAL	Achega 2017	330.880,87	30.030,57	360.911,44
	Achega 2016	203.619,00	15.777,46	219.396,46
	Préstamo 2017	218.890,42	2,08	218.892,50
	TOTAL	753.390,29	45.810,11	799.200,40

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Mellora de camiños na Rateira e Vistavós	103.674,30
Mellora do camiño da Agra da Filgueira	49.364,66
TOTALS	153.038,96

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse, o Concello, a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente.

4.- Propor ao Pleno da Corporación a ratificación deste acordo na seguinte sesión que se celebre.”

5 MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE A LIMPEZA DE CONTEDORES DE LIXO E PUNTOS ONDE ESTÁN SITUADOS

A Sra. Monteagudo le a moción:

“A voceira do grupo popular municipal do Concello de Muros, Inés Monteagudo Romero, en nome propio e no do grupo popular, preséntalle ao Pleno para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai varios anos hai problemas coa recollida de lixo, de tal forma que, nestes últimos tempos, o lixo queda amontoado nos contedores e arredores destes durante varios días, cos conseguintes vertidos nos propios contedores e arredores.

Durante os días que hai sol o cheiro que desprenden os contedores é insoportable e hai zonas, como o paseo marítimo, no que se fai moi presente.

A limpeza dos contedores, segundo nos indicou o concelleiro, é responsabilidade da empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo.

A limpeza da rúa é competencia do Concello.

Polo exposto, SOLICITO

1º Que se requira á empresa concesionario do lixo para que proceda á limpeza dos contedores de lixo.

2º Que o Concello faga unha limpeza a fondo dos puntos nos que están situados os contedores.

3º Que por parte de quen corresponda se proceda tamén á limpeza dos contedores de vidro.”

Continúa dicindo que o grupo socialista presentou unha addenda:

“Aproveitando que a Presidencia da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza corresponde á alcaldesa de Muros, que pola Presidencia se fagan as xestións oportunas para poñer en funcionamento os contedores soterrados de maneira urxente”

Di que aceptaron a addenda a pesar de que o grupo socialista se gastou cento cincuenta mil euros na instalación dos contedores soterrados na avenida Castelao, que sabían de sobra que naquel momento o de que se ían utilizar era máis que cuestionable, pero que agora que están feitos hai que buscar a forma de rendibilizalos.

Que no Pleno do mes de abril pediron como rogo que se procedera á limpeza de contedores e dos puntos de recollida.

Que a Sra. alcaldesa lles dixo “que hai un *planning* mensual da empresa que recolle e pasa aproximadamente unha vez ao mes lavando os contedores. Que farán un seguimento para ver se efectivamente os lava e que no caso da limpeza do sitio onde están que lle compete ao concello e que darán instrucións”.

Que o concelleiro da área, o Sr. Quintela, afirmou que os contedores os limpan para finalmente asegurarlles que os días 8 e 9 de maio se ían limpar.

A Sra. Monteagudo mostra un foto que di é bastante ilustrativa de como están os sitios nos que se depositan os contedores e que non se limparon os contedores nin os sitios. Que nalgún caso nin sequera se recolleu o lixo.

Que se preguntan que se non son capaces de facer nin sequera isto, que non ten ningunha complicación, que poden esperar do seu goberno.

A Sra. González día que están de acordo con que se limpen os contedores e todo o que haxa que limpar. Que xa dixeron moitas veces que hai moitas zonas verdes, cheas de limo. Que había un *planning*, que cre que debe existir igual, de limpeza cunhas datas para limpalos por parroquias.

En relación aos contedores soterrados, que ela non gastou cento e pico mil euros do seu peto, que os gastaron toda a veciñanza de Muros co voto a favor do Partido Popular. Que se acordou e se fixo un estudo porque é evidente que, na fachada de Muros, hai un montón deles e afean a fachada.

Que no verán non son abondos, que non chegan para cubrir as necesidades da poboación e que o mellor era poñer os contedores soterrados.

Que se fixo un estudo exhaustivo. Que se puxeran uns que son os que están detrás de “Roquiño” que non se podían poñer a funcionar porque tiñan un montón de defectos porque a tecnoloxía mellora. E que a súa intención era seguir colocando e suprimir a maioría dos que están en superficie porque hai unha gran parte de hostaleiros que chocan practicamente de morros cos contedores e había que buscar unha solución e que a única era soterralos.

Que o porqué de que non se puxeran a funcionar, que a Sra. alcaldesa di cincuenta veces que sabíamos que non ían funcionar e que é mentira, que faltaba un adhesivo e unha vara.

Que o adhesivo se puxo pero a vara non. Que o problema é que non hai intención de poñelos a funcionar.

Que ela cre e o Partido Socialista seguen apostando por seguir soterrando e seguir sacando o lixo de encima da fachada marítima.

Que seguen apostando polo mesmo e cren que é conveniente. Que foi por iso polo que pediron ao Partido Popular, aproveitando esa moción, que se incluíra a addenda.

Que eles tamén pensan que calquera medida que pase por solucionar o do lixo no verán que é boa.

Que esperan que agora a Sra. alcaldesa, que é presidenta de Mancomunidade, faga algo e consiga que eses contedores soterrados empecen a funcionar porque cre que se aumentaría moito a capacidade de recollida de lixo e que, o mellor, serían capaces de sacar da superficie esa gran cantidade de contedores que están ocupando prazas de aparcamento e que non dan abasto para o volume de lixo que hai.

O Sr. García di que están de acordo tanto coa addenda do Partido Socialista como coa proposta do Partido Popular e que entenden que é necesario mellorar o sistema de recollida do lixo e que FCC non están cumprindo co seu traballo porque sempre tivo problemas, desde o principio da concesión e que segue téndoos e cada vez vai a peor.

Que desde o BNG queren aproveitar para que, agora que están eles ao fronte da Presidencia, intenten buscar algunha alternativa a FCC para a xestión pública dos residuos.

Anuncia que lles farán chegar unha proposta de reunión para intentar buscar unha solución para o lixo que xire nese senso, de remunicipalizar a xestión.

A Sra. alcaldesa di que xa dixeron en varias ocasións que os contedores soterrados, cando eles chegaron, levaban instalados un ano ou un ano e pico e que só fora colocar un adhesivo e unha vara que houbo tempo máis que suficiente para facelo pero que é bastante máis.

Que a Sra. González, que foi alcaldesa e quen xestionou a instalación deses contedores, que o sabe.

Que están de acordo coa moción e van votar a favor.

Que están pendentes de que FCC cumpra co planning que hai desde sempre. Que están comprobando que o cumpra e que en canto sexa posible esa coordinación pois que se limpará de baixo dos contedores porque hai que esperar a levantalos.

Á pregunta da Sra. Monteagudo de se viñeron o día 9 de maio, a Sra. alcaldesa responde que cre que si.

Votación: unanimidade

Acordo: Apróbase a moción presentada polo Partido Popular sobre a limpeza de contedores de lixo e puntos onde están situados, incluíndo a addenda do Partido Socialista.

6 MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE APOIO Á MODERNIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO E Á MELLORA DA MOBILIDADE EN GALICIA.

A Sra. Monteagudo le a proposta:

“ MOCIÓN DE APOIO Á MODERNIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO E Á MELLORA DA MOBILIDADE EN GALICIA

A dispoñibilidade dunha oferta de transporte público de viaxeiros e viaxeiras que lle dea resposta á demanda de mobilidade obrigada (desprazamentos diarios ao traballo, por motivos educativos, sanitarios, comerciais ou culturais) existente no conxunto do territorio debe constituír unha prioridade para as administracións públicas.

Esa prioridade faise máis acusada en Galicia debido ao gran número de núcleos de poboación e a tradicional configuración dos nosos asentamentos que precisan dunha oferta que facilite a conectividade e a mobilidade con criterios de eficacia e eficiencia. Esa oferta debe aproveitar as posibilidades de intermodalidade na procura de sacarlle o máximo partido a cada modo de transporte para tratar de conformar un sistema que se adapte e cubra as necesidades de cada persoa, independentemente do lugar onde viva ou a onde se teña que desprazar.

Resulta unha evidencia que, tendo en conta o carácter disperso de gran parte da poboación de Galicia, o transporte colectivo en autobús ofrece moitas posibilidades e ten unha gran capacidade para proporcionar unha malla que cubra unha área xeográfica máis ampla, sen prexuízo da súa desexable interoperabilidade con outros medios, en especial co ferrocarril.

Coa finalidade de promover o emprego do transporte público e mellorar a mobilidade no conxunto de Galicia, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha serie de iniciativas tendentes a crear unha estratexia global para mellorar as condicións de accesibilidade ás infraestruturas do transporte para as persoas, e tamén as mercadorías, con carácter equitativo e universal. Entre as iniciativas destacan as dirixidas á reordenación nas grandes áreas urbanas de Galicia, a mellora das infraestruturas viarias, a implantación de estacións intermodais, a

subvención de peaxes e a implicación para a mellora e complementariedade da oferta ferroviaria.

Desde hai sete anos, o Goberno galego vén promovendo un Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada, que permitiu, entre outros aspectos, a posta en marcha desde 2011 do Transporte Metropolitano de Galicia no contorno das grandes cidades e melloras na calidade dos servizos coa renovación de frota e a incorporación de vehículos cada paso máis accesibles.

Ese Plan de Modernización das concesións foi anulado por unha sentenza do Tribunal Supremo (TS) en marzo de 2016, que revocaba outra anterior favorable do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Aínda que o Goberno galego formulou o correspondente recurso a esa sentenza, no Parlamento de Galicia tramitouse e aprobouse unha nova lei - a Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia- para continuar coa modernización do servizo público e a súa plena adaptación ás demandas, incluíndo un novo Plan de transporte público de Galicia (PTPG) dirixido a establecer un sistema multimodal e integrado co obxecto de coordinar a totalidade dos servizos de transporte público que se desenvolvan no territorio galego.

Dentro deste marco normativo e de planificación, a Xunta de Galicia está a dar novos pasos coa elaboración de traballos para un deseño integral de rede de transporte público de Galicia, con estudos de campo para a análise da demanda actual e potencial.

Nese traballo de reorganización e modernización integral do mapa de transporte regular por estrada de toda Galicia, o Goberno galego estase a dirixir a todos os municipios afectados para solicitarlle a súa opinión tratando de recoller as necesidades e demandas presenten en cada lugar.

Tendo en conta a importancia deste labor que está a realizar a Xunta de Galicia para a mellora da prestación, de forma racional, optimizando recursos e ofrecendo a maior cobertura en cada zona do territorio, tanto no rural como nas áreas metropolitanas, na procura da consecución dun sistema intermodal que lle dea resposta ás necesidades da poboación; e tendo en conta tamén que a mellora do transporte, da accesibilidade e da vertebración de Galicia debe ser un obxectivo compartido que precisa da implicación de todos as administracións, o grupo popular municipal do Concello de Muros propón a adhesión do noso concello a este necesario proceso de modernización do transporte galego coa adopción do seguinte acordo:

O Pleno insta ao Goberno municipal a:

1. Colaborar coa Xunta de Galicia, mesmo co apoio económico, para apoiar a modernización do transporte galego e, en particular:

- O Plan de e Transporte Metropolitano, facilitando a integración dos concellos máis rurais da provincia, coas vantaxes de custo e comodidade que esa integración supón para a veciñanza.

- A accesibilidade dos autobuses interurbanos nas cidades, medida que mellora a mobilidade da veciñanza das cidades e dos concellos limítrofes.

- A reordenación e modernización do transporte por estrada que está a elaborar a Administración autonómica, contribuíndo á axustala ás necesidades de todos os concellos da provincia para facelas viables.

2. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a súa implicación técnica e económica neste proceso de modernización do transporte público de viaxeiros da Comunidade Autónoma que está a levar a cabo a Xunta de Galicia."

Continúa a Sra. Monteagudo dicindo que como se di na moción a creación dunha malla que cubra o maior territorio posible con transporte público, é un dos obxectivos que ten o Goberno galego.

Que os distintos plans de transporte creados por distintos gobernos da Xunta, sufriron diversas vicisitudes, desde a anulación polos tribunais ata unha renuncia masiva das concesionarias.

Que se está pois nunha fase de reorganización e modernización do mapa integral de transporte regular por estrada e que para iso é fundamental contar coas achegas que desde os concellos se fagan.

Que neste senso, no Pleno anterior, a Sra. alcaldesa indicou que se enviara a enquisa que a Xunta está a remitir a todos os concellos, na que se recollen as necesidades de cada un. Que non saben as necesidades concretas que este equipo de goberno puxo de manifesto nesa enquisa porque a pesar de ser un tema complexo e transcendente, non se requiriu a opinión dos outros grupos da Corporación.

Que o que piden con esta moción é que o goberno municipal colabore no deseño da nova rede de transporte público e que se solicite tamén a implicación da Deputación.

Que na comisión informativa correspondente o grupo socialista presentou unha addenda para que se solicite a recuperación da conexión Muros – A Coruña pola AC 400.

“ADDENDA DO PsdeG-PSOE Á MOCIÓN DO PP DE APOIO Á MODERNIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO E Á MELLORA DA MOBILIDADE EN GALICIA

3. Solicitar a recuperación da conexión Muros – A Coruña pola AC 400.”

O que lles parece ben, xa que como xa dixeron carecen de información das necesidades que puxo o grupo de goberno na enquisa.

A Sra. González di que están de acordo coa moción coa inclusión da súa addenda porque unha das grandes necesidades do Concello de Muros é que estamos illados coa cidade da Coruña pola estrada das Paxareiras.

Que por iso pediron incluír a addenda nesa moción para que, entre todo o resto que hai que facer para mellorar o servizo público, de xeito urxente se recupere esa conexión de Muros coa Coruña, pola montaña.

O Sr. García di que non estiveron na comisión informativa por motivos laborais pero que despois de lela que lles parece moi bonita pero que é un pouco o que pasaba co “Nodo” na época do franquismo, que se daban as noticias moi bonitas pero a realidade era ben distinta.

Que están falando da mellora e modernización do transporte público, cando desde a Xunta de Galicia, a proposta que hai é deixar o rural totalmente abandonado deste transporte e que así se manifestou desde o Partido Socialista galego, desde a Marea e desde o BNG.

Que o PSOE de Muros parece que vai por libre.

Insiste en que o texto é moi bonito pero a realidade non ten nada que ver.

Mostra o seu desacordo con aprobar unha moción na que se fala da mellora do transporte ferroviario.

A Sra. alcaldesa comenta que no punto 1 di: colaborar coa Xunta de Galicia, mesmo co apoio económico, para apoiar a modernización do transporte galego e, en particular, o plan de transporte metropolitano, nas grandes áreas urbanas e dos concellos limítrofes, a accesibilidade de autobuses interurbanos nas cidades e o terceiro punto que é a reordenación e modernización do transporte, contribuíndo a axustar as necesidades de todos os concellos.

Que propoñen que se aclare ese apoio económico porque no texto da moción fala de moitas actuacións, como das intermodais.

Que non terían ningún problema, dentro das posibilidades do Concello de Muros, en colaborar economicamente coa Xunta de Galicia naquilo que beneficie directamente a Muros pero que non están dispostos a contribuír economicamente coa construción da intermodal de Santiago, por exemplo.

Que cren que sería conveniente concretar en que consiste ese apoio económico e para que.

Que se ese apoio incide directamente na cidadanía de Muros, que vale pero que en xeral, o apoio económico para o Plan de transporte metropolitano e accesibilidade nos autobuses interurbanos pois que non.

A Sra. Monteagudo di que no Pleno anterior se aprobou pagar con recursos do concello un Noitebús e que iso si é unha colaboración económica.

Que na moción non se concreta en que vai consistir ese apoio económico porque evidentemente non será igual para todo o mundo nin para os distintos tipos de concellos.

Que de todos os xeitos o transporte por estrada vai por estradas autonómicas, estatais e que o mantemento é por conta da Xunta.

Que non teñen ningún problema en suprimir ese parágrafo “mesmo co apoio económico” porque en todo os casos iso se concretará no seu momento.

A Sra. González di que entenden que é unha moción xenérica pero tamén que é para aprobar beneficios para o Concello de Muros e que non cren se vaia subvencionar desde aquí a estación do AVE. Que tamén estarían de acordo que chegara o ferrocarril a Muros.

Que cre que a moción é xenérica e que o que entende o Partido Socialista de Muros é un beneficio para o concello e que o seu partido indo por libre ou non, sempre van defender as necesidades do noso concello.

Anuncia o seu voto a favor e expresa o seu agradecemento ao Partido Popular que aceptaran a addenda do Partido Socialista.

O Sr. García di que cada cal entende as cousas a súa maneira e que está lonxe de querer que a Sra. González entenda o que el quer dicir. Que non ten ningún interese en que o entenda.

Que eles están a favor de que mellore o transporte público para o Concello de Muros, ferroviario, urbano... e que así o demostraron no Pleno pasado propoñendo unha moción con respecto ao transporte urbano nocturno.

Que o que lles parece é que o texto que se presenta é un panfleto publicitario que emite a Xunta de Galicia para dicir que están facendo un traballo espectacular en materia de transporte interurbano e metropolitano cando realmente é cargarse totalmente o transporte público no rural.

Que consideran que é unha noticia moi negativa para o noso xeito de vida.

A Sra. alcaldesa anuncia o seu voto a favor, coa retirada do texto “mesmo co apoio económico” e que de todas maneiras quere sinalar que desde o Concello xa se está colaborando coa Xunta de Galicia con este plan, acudindo as reunións ás que os convocan e proporcionando información.

Que nesa información sobre demandas e necesidades estaba a recuperación da liña Muros – A Coruña, pola estrada de Santa Comba.

Votación:

A favor: 11 votos (4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE e 3 de CxG)

En contra: 2 do BNG

Acordo:

Apróbase a moción do Partido Popular de apoio á modernización do transporte público e á mellora da mobilidade de Galicia, suprimindo no punto 1 a frase “mesmo co apoio económico” e engadindo un punto 3 coa addenda do PSdeG-PSOE:

1. Colaborar coa Xunta de Galicia para apoiar a modernización do transporte galego e, en particular:

- O Plan de e Transporte Metropolitano, facilitando a integración dos concellos máis rurais da provincia, coas vantaxes de custo e comodidade que esa integración supón para a veciñanza.
- A accesibilidade dos autobuses interurbanos nas cidades, medida que mellora a mobilidade da veciñanza das cidades e dos concellos limítrofes.

- A reordenación e modernización do transporte por estrada que está a elaborar a Administración autonómica, contribuíndo a axustala ás necesidades de todos os concellos da provincia para facelas viables.

2. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a súa implicación técnica e económica neste proceso de modernización do transporte público de viaxeiros da Comunidade Autónoma que está a levar a cabo a Xunta de Galicia.

3. Solicitar a recuperación da conexión Muros – A Coruña pola AC 400.”

7 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

A Sra. alcaldesa, tal e como xa explicara na comisión informativa, indica que levan facturas para aprobar no Pleno por importe de 50.498,97 €

Que son as mesmas facturas que levaron no recoñecemento extrajudicial en tres ocasións anteriores pero sen as de subministración eléctrica, porque a subministración causaba tanto problema que decidiron agardar a que a contratación estea máis avanzada para volver a levalas.

Que se trata dunha serie de facturas de provedores, entre as que hai, como xa dixeron en varias ocasións, unha do ano 2012, outra do 2013, outra do 2014, algunha do 2015 e as demais do 2016.

A Sra. Monteagudo di que volven levar o recoñecemento extrajudicial de crédito, esta vez quitando as facturas de Gas Natural a ver se mareando as facturas para riba e para baixo lles vai colando.

Que na comisión informativa a Sra. alcaldesa lles dixo que sacaban as facturas de Gas Natural porque son as que teñen reparo de Intervención e que leva o resto para ver se así o Pleno as aproba.

Que lle dixeron, nesa comisión e lle repiten hoxe, que neste caso e sen que serva de precedente debería seguir o consello do portavoz do BNG e falar cos grupos antes.

Pregúntalle á Sra. alcaldesa que problema ten que é incapaz de sentarse a falar con ninguén para para aprobar o pago dunhas facturas das que, segundo eles, non teñen problema ningún.

Que se arriscou a perder os cartos do plan ICO por non falar e non son quen de presentar un borrador de orzamento porque, entre outras cousas, abrígalles a ter que falar co resto da Corporación.

Afirma que teñen tanto medo de que se lle note a súa incapacidade ou de que non traballen o suficiente ou de que carecen totalmente de capacidade de diálogo, a pesar de que están gobernando nunha minoría clamorosa.

Refírese ao grupo de CxG e dilles que desde que no mes de febreiro levaron por primeira vez esta proposta, dixerónlle que tiñan que facer dúas cousas: iniciar os trámites para contratar a subministración da luz e iniciar o traballo de elaboración do orzamento. Que non fixeron nun unha cousa nin a outra polo que en nada cambiou a situación desde o mes de febreiro e que en nada cambiou tampouco a súa posición porque non teñen ningún motivo.

Que o único que fan e poñer e sacar facturas da relación e nada máis. Que lle adicaron a iso catro meses e que así levan dous anos.

Que o concelleiro de Facenda chegou a aprobar o pago das facturas da subministración da luz sen que pola Alcaldía se levaran os reparos de Intervención, o que supuxo ter que anular as resolucións emitidas polo concelleiro, levantar por parte da Alcaldía os reparos e volver a aprobalas.

A Sra. González di que non encontran ningún cambio nas novas facturas e que non teñen nada que dicir.

O Sr. García di que o síndrome do día da marmota non lles leva a desfrutar para nada disto.

Que entenden que as facturas que se propoñen se deberían de aprobar, igual que se deberían ter aprobado as anteriores pero que non van seguir argumentando sempre o mesmo. Que cre que con respecto a isto está todo máis que dito.

A Sra. alcaldesa, á pregunta de porqué non se sentan a falar cos grupos para acordar cousas, responde que se sentan e cando o fan logo din que non se sentan.

Que o que menos se lles ocorre pensar é que faga falta negociar algo para aprobar unhas facturas e pagarlle a uns provedores por unha subministración feita, por un traballo feito que está absolutamente comprobado. Que non acaba de entender que hai que falar, se o traballo está comprobado que está feito e hai cartos, como indica o informe de Intervención.

Que é incomprendible ter que falar con alguén, que hai que aprobalas e punto.

Que saben perfectamente que se está traballando na contratación da luz. Que xa levaron ao Pleno a adhesión a Central de contratación da FEMP precisamente por ese tema. Que xa quedara claro na comisión informativa do anterior Pleno e no anterior Pleno e que o saben perfectamente.

Que se está traballando nese expediente, que é bastante complexo e que está moi avanzado.

Que se non o levaron que é para ter algo concreto para ver se despois, algunha vez deciden aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito.

En relación ao orzamento que repite que hai un problema serio nos concellos ao non ter persoal en Intervención porque se prepara en Intervención, coas directrices do grupo de goberno e da Corporación, pero quen fai toda a documentación é o departamento de Intervención.

Que é moi difícil ou practicamente imposible facelo sen interventor ou interventora pero que aínda así están traballando nel e que agardan poder levalo.

Que non saben cando poderán levalo e que se queren aprobar as facturas que estupendo. Que está claro, e se cobra ou non esa xente é porque cobra ou non e que todo o resto de excusas que son excusas e malas excusas e cada día un pouco peores.

Votación:

A favor: 5 votos (3 de CxG e 2 do BNG)

En contra: 8 votos (4 do PP e 4 do PSdeG-PSOE)

Acordo: Queda rexeitado o recoñecemento extraxudicial de crédito.

8 DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. EXECUCIÓN TRIMESTRAL 1º TRIMESTRE/2017 E MOROSIDADE 1º TRIMESTRE/2017

Dáse conta o Pleno da Corporación a información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:

-Execución trimestral 1º trimestre/2017.

-Informe de morosidade e período medio de pago do primeiro trimestre/2017.

9 RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía núm. 212 ao 288 e das actas das Xuntas de Goberno Local núm. 11, 12, 13 e 14 do 4 de abril de 2017, 7 de abril de 2017, 21 de abril de 2017 e do 26 de abril de 2017.

B Parte de control dos órganos de goberno

10 MOCIÓNS DE URXENCIA

Os grupos, Socialista e BNG, presentan cadansúa moción.

1) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SUPRESIÓN DO REXISTRO DA PROPIEDAD DE MUROS E O SEU TRASLADO PARA CORCUBIÓN.

A Sra. González xustifica a urxencia porque neste tema da supresión do Rexistro da Propiedade de Muros, todo o que se faga é urxente pois vai todo moi rápido.

Que despois da convocatoria das comisións informativas tiveron coñecemento de que había dous concellos que tiñan presentado unha reclamación pedindo a nulidade do Real decreto e que lles pareceu interesante que o Concello de Muros tamén estivera neses procedementos, sobre todo pola posibilidade de conseguir unha medida cautelar de forma urxente porque os procedementos contenciosos son largos e que como saben que hai solicitado unha medida cautelar que lles parece urxente que desde o Concello se tome algunha medida para personarse neses procedementos e pedir do mesmo xeito que se suspenda a execución dese Real decreto mentres non se entre no fondo do asunto e se vexa se é viable ou non e se dalgunha maneira se pode conseguir a nulidade do real decreto, que é o que están pedindo eses outros dous concellos.

Que tamén di que é urxente porque os/as profesionais de Muros están en contacto e moi pendentes do que está pasando e que tanto o rexistrador como a Notaría lles están contando que o día 1 teñen que estar envorcados os datos en Corcubión e que de feito xa levaron mobles e que é moi evidente de que iso non se paraliza.

Que cren que desde o Concello e a xente de Muros teñen que tomar todas as medidas que sexan necesarias para conseguilo o polo menos intentalo e que se decaten de que Muros non está de acordo e que non é xusto que despois de máis de cen anos do Rexistro da Propiedade de Muros o movan.

Que cren que é moi urxente tanto a aprobación da moción como a medida que piden que se tome.

A Sra. Monteagudo di que non o ven tan urxente. Que o comparecer no procedemento se pode facer en calquera momento e que na moción non se concreta nin quen son os que iniciaron eses procedementos, nin cales son, nin se é algún dos concellos afectados e que lles gustaría ter algo máis de información.

Que pensan que urxente non é.

O Sr. García di que respecto da urxencia, que están de acordo.

A Sra. alcaldesa di que tamén están de acordo sobre a urxencia porque parece ser que inmediato o inicio.

Votación sobre a urxencia:

A favor: 9 votos (4 do PSdeG-PSOE, 3 de CxG e 2 do BNG)

Abstencións: 4 do PP

Apróbase a urxencia da moción.

A Sra. González le a moción:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SUPRESIÓN DO REXISTRO DA PROPIEDAD DE MUROS E O SEU TRASLADO PARA CORCUBIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai uns meses estamos a ver como os veciños e veciñas de Muros, ímonos ver privados da oficina do Rexistro da Propiedade, e da oficina liquidadora, que leva estando aberta ao público desde hai máis de 100 anos (1860).

O Goberno de España co Partido Popular ao fronte e desde o Ministerio de Xustiza, Dirección Xeral de Notariado e Rexistradores, acordaron por medio de decreto, entre outras cousas, suprimir o Rexistro da Propiedade de Muros, maquillando esa supresión contándonos que vai quedar aberta unha oficina en Muros “coas mesmas facultades”, o que nin é certo nin tería sentido ese acordo de trasladar o Rexistro a Corcubión.

A agrupación do PSdeG-PSOE de Muros fomos os primeiros en saír a rúa para pedir sinaturas en defensa de que se mantivera o servizo en Muros, así como de contarlle aos/ás veciños/as cales eran as consecuencias desa supresión do Rexistro e obtivemos unha moi boa resposta de todo o mundo. Pese a todo estamos preocupados por esa decisión de eliminar no noso concello os poucos servizos que nos quedan.

Desde o concello como non podía ser doutro modo, tamén se convocou un Pleno extraordinario, co acordo de toda a Corporación de facer todo o necesario para a defensa da permanencia do Rexistro.

Convocouse unha manifestación onde todo o pobo e os diferentes sectores nos involucramos e saímos á rúa en protesta desa decisión tomada polo goberno do PP.

A estas alturas parece que todo segue como se o pobo de Muros non falara e dixera o que quere, existindo grandes posibilidades de que esta decisión non a paren a soa petición democrática do pobo de Muros.

Coñecendo que existen dous procedementos xudiciais en marcha pedindo a nulidade dese RD., onde tamén se solicita unha medida cautelar que consistiría, basicamente, en paralizar a execución dese RD, ata que non se substanciara a reclamación principal de nulidade do RD,

PROPOÑEMOS AO PLENO DA CORPORACIÓN DE MUROS

1 Que visto o tempo transcorrido desde que solicitamos por diversos medios: preguntas no Parlamento Galego, presentación de sinaturas da veciñanza, envío delas a Madrid, acordo plenario do Concello de Muros, manifestacións dos veciños e veciñas de Muros e Carnota, entrevista co concelleiro de Xustiza..., e non temos ningún indicio de que isto se paralice SOLICITAMOS que se acorde polo Pleno da Corporación comparecer nos procedementos en trámite, apoiando a postura dos recorrentes deixándoo sen efecto e anular a agrupación funcional dos Rexistros da Propiedade de Muros e Corcubión e se curse unha medida cautelar de paralización do recollido no RD, en relación a Muros, entre tanto non remata o procedemento principal.

2 Comunicar esta decisión á Xunta de Galicia, na persoa do presidente da Xunta de Galicia e o concelleiro de Presidencia para que fagan valer a nosa postura ante o Goberno de España, co fin de modificar ese RD.”

A Sra. Monteagudo di que descoñecen eses dous procedementos, que na moción non se concreta quen os inicia, se é algún dos concellos afectados, o Colexio de Rexistradores, ou quen é polo que lles parece un pouco temerario adherirnos a un procedemento xudicial descoñecendo o que piden e quen o fai.

Que pensan que hai que examinalo un pouco máis detidamente.

A Sra. González di que a eles non lles estraña a postura do Partido Popular porque saben que son soldados e teñen que facer o que lle mandan. Que por iso van defender un real decreto que se asina en Madrid en contra dos dereitos da veciñanza de Muros e que non se lles ocorre outra cousa máis que dicir que non é urxente a petición de que non se suprima o Rexistro da Propiedade de Muros e que se traslade para Corcubión.

Que non crían que chegaran ata ese extremo pero que saben que debe haber ordes novas e teñen que andar pola raia que lle marcan.

Que a eles non lles vai pasar nunca. Que nunca van cumprir unha orde que vaia en contra dos dereitos e do que lle beneficie ao Concello de Muros.

Que sempre os recortes, os prexuízos para o Concello de Muros veñen do mesmo sitio, do Partido Popular.

Que pensaban que era porque o pobo de Muros é moi calado, que case nunca protestaba pero que sempre a intención do Partido Popular é prexudicar ao pobo de Muros.

Que di a portavoz do Partido Popular que é unha temeridade comparecer nun procedemento sen saber o número e que cre que saíu na prensa.

Explica que foi unha moción que fixeron todos os profesionais, contando co Rexistro da Propiedade, coa Notaría, avogados/as, procuradores/as, xulgado e con todo o mundo para

conseguir que de xeito urgente se acorde e ter esa medida cautelar que piden eses dous concellos, que son cataláns.

Que saben que as cousas cando se moven é moi difícil darlle marcha atrás. Que no Concello de Muros temos a experiencia de que se o conseguimos co Xulgado, que se trasladou a Noia, cunha orde tamén do Partido Popular, e que tivemos que esperar a que gobernara Felipe González en Madrid cun deputado que representaba á xustiza, Suso Fornas, un compañeiro deles, para conseguir que se trouxera o Xulgado para Muros pero que pasamos moitos anos sen ter o Xulgado aquí.

Que en Muros xa temos experiencia do que pasa, que pasou o mesmo con Capitanía que agora a temos aquí pero cunhas competencias moi reducidas e que o mesmo nos vai pasar co Rexistro da Propiedade.

Que ela foi ao Parlamento a Santiago cando a súa compañeira presentou as sinaturas da veciñanza de Muros e lle pediron ao Sr. Rueda que lles dera unha explicación e os apoiara en Madrid para que este Real decreto non afectara ao Concello de Muros, e lles dixo que ían estar encantados co que ían deixar.

Que non lle estraña que os representantes do Partido Popular se atrevan a dicir que non é importante conseguir unha medida cautelar, sexa quen sexa quen a pida. Que o importante é que a pidamos nós e nos deixen ser parte nese procedemento.

Que non o teñen claro pero cre que paga a pena pedilo, paga a pena comparecer e dicir que Muros tamén quere que non se suprima ese Rexistro da Propiedade e que se leve para Corcubión.

Que desde logo o colectivo de avogados e procuradores que están dispostos a apoiar e se fai falta os dar os seus servizos ao Concello de Muros a custo cero. Que están dispostos a intentalo.

Que ao que non están disposto é a quedar na casa e facer pouco barullo e andar caladiños medio agochados para que ninguén saiba que é o que pensan.

Que xa saben que ao Partido Popular lles dá igual e que non lles interesa. Que lles interesa cumprir o Real decreto que lles mandan desde Madrid.

Que a eles o que lles interesa é o beneficio de Muros, os nosos servizos e que dende logo cre que é un prexuízo moi grande que o Rexistro da Propiedade se vaia para Corcubión.

Que falando coa notaria, esta lle dixo que é unha grande enamorada do nosa vila, que lle gustaría quedar na praza en Muros pero que non se pode converter nunha ONG e que se o tráfico xurídico se vai trasladar a Corcubión, que se vai ter que ir.

Que o Partido Popular di que vai quedar unha oficina aberta e que o día que tiveron unha reunión cos grupos afectados, que quedou claro que esa oficina que pretenden que quede aquí que é inviable. Que todos din o mesmo.

Que a rexistradora de Muros di que hai unha inseguridade xurídica enorme porque hai un diario de entradas e que o fundamental no Rexistro é o día de presentación e a hora de presentación do documento, e que non podía seguir funcionando desa maneira e que ao final o funcionamento do Rexistro ía ser en Corcubión e que a veciñanza de Muros, sen ningunha dúbida, se ían ver privados dese servizo.

Que a rexistradora manifestou que non lle votaran a ela a culpa de que quería marchar para Corcubión porque a nivel do seu negocio que lle era moito máis caro o traslado e a nova posta en funcionamento.

Que está claro que o funcionamento de dúas oficinas non é viable e que cren que é moi urgente que tomen unha decisión todos e todas, en representación da veciñanza de Muros e en defensa dos seus intereses, e intentar nesa medida cautelar que Muros tamén apareza co noso nome dicindo que conseguimos que non nos leven o Rexistro da Propiedade.

O Sr. García di que están de acordo en que o Concello de Muros debe de comparecer e tomar parte en todas aquelas iniciativas, veñan de quen veñan e sexan como sexan, en defensa do Rexistro da Propiedade e do mantemento de todos os servizos públicos.

Que o que si piden é que se se aproba esta proposta, que se pase o texto polo servizo de normalización lingüística.

A Sra. González di que debería pedir escusas pero que a fixo cinco minutos antes do Pleno.

Na segunda rolda de intervencións a Sra. Monteagudo di que non acabou de entender ben se eses procedementos son iniciados polo Colexio de Procuradores ou por dous concellos cataláns.

Que o que propoñen na moción non é que se implique o Pleno e que se manifeste en contra da supresión do Rexistro, que iso xa se fixo e que eles votaron a favor. Que o que pide é que o Concello se presente en dous procedementos, que non saben cales son, que disque piden a nulidade do Real decreto e unha medida cautelar. E que se comunique esta decisión á Xunta.

Que eles están a favor de que o Rexistro permaneza en Muros e que así o manifestaron reiteradamente pero que non está a favor de comprometer a comparecencia do Concello de Muros nuns procedementos que descoñecen completamente como son.

A Sra. González di que non ve cal e o prexuízo de comparecer en dous procedementos pedindo unha medida cautelar para Muros. Que cre que é a súa obriga.

Que está claro que quen pediu que permaneza o Rexistro da Propiedade en Muros foi o Partido Socialista. Que foron os primeiros que saíron á rúa, que falaron coa xente e que moveron todos os estamentos posibles. Que foron á Xunta de Galicia e que o Partido Popular non foi aínda que alguén lles propuxo que foran e logo os deberon mandar para a casa.

Que cre que todos e todas deben empuxar en favor disto e que cre que desde o Concello de Muros se debe capitanear esa iniciativa.

Que lle parece unha cuestión moi importante que se poñan de acordo, que se aprobe esta moción e que sexamos quen de comparecer e dicir que queremos estar nesa medida cautelar.

Que se a denegan non sexa porque non o intentaron. Que a Xustiza ten moitos problemas para traballar mentres goberna o Partido Popular pero que o deben intentar.

Que teñen que dicir que están moi involucrados, moi enfadados e que queren que o Rexistro siga en Muros. E que ademais cre que non debería rematar aquí pois se non conseguen esa medida cautelar que o deberían pedir noutras instancias ata que volvamos ter o Rexistro en Muros.

Volve pedir desculpas polo xeito en que está escrita a moción.

O Sr. García di que, sen que serva de precedente, subscribe practicamente a totalidade dos comentarios do Partido Socialista agás o de rirse de alguén. Que eles non se rin de ninguén, que toman isto con moito respecto e moita seriedade.

A Sra. alcaldesa di que ao grupo de CxG lles parece que con saber que o recurso solicita a paralización do Real decreto, lles parece suficiente. E que se é posible que o Concello de Muros compareza neste procedemento e se aproba a moción pois que se fará e que aínda que non se aprobe que o mirarán igual.

Votación:

A favor: 9 votos (4 do PSdeG-PSOE, 3 de CxG e 2 do BNG)

Abstención: 4 do PP.

Acordo:

Apróbase a moción presentada polo PSdeG-PSOE relativa á supresión do Rexistro da Propiedade de Muros e o seu traslado a Corcubión.

2) MOCIÓN DO BNG

O Sr. García xustifica a urxencia da moción dicindo que non tiñan coñecemento do recurso do Xulgado do Social que tumbaba o argumento que se lle deran desde a Alcaldía e que lles parece urxente porque ao estar en marcha o proceso de selección da próxima brigada e entenden que se o Pleno aproba a moción, cando se fagan as novas contratacións que se inclúa tamén ese punto e que non chegue tarde despois.

A Sra. Monteagudo di que, como é coñecido por todos e todas, estase nese proceso de selección da nova brigada polo que consideran que a urxencia está xustificada.

A Sra. González manifesta o seu acordo coa urxencia.

A Sra. alcaldesa di que o seu grupo tamén está de acordo coa urxencia.

Votación sobre a urxencia: unanimidade

O Sr. García le a moción:

“O grupo municipal do BNG de Muros presenta neste Pleno da Corporación, para a súa aprobación, se procede, a seguinte

MOCIÓN DE URXENCIA

En diversos plenos anteriores, desde o grupo municipal do BNG preguntamos reiteradamente porque non se contemplara a nocturnidade nas nóminas da brigada de incendios contratada o pasado verán. A última resposta que obtivemos da Alcaldía, foi que era responsabilidade da Xunta e non do Concello, abonar dito plus do salario do persoal.

Recentemente, vimos de ter coñecemento a través dunha noticia publicada en El Faro de Vigo, que o Xulgado do Social número 3 de Pontevedra obrigou ao Concello de Poio a pagar a un traballador que o denunciara, un importe de 480 € pola nocturnidade que non fora abonada no seu momento. Dito Xulgado, desestimou todas as alegacións que desde o Concello de Poio se fixeron diante deste conflito. Todas elas, con argumentos similares aos esgrimidos pola Alcaldía diante das reiteradas preguntas que lle manifestamos desde o grupo municipal do BNG.

Ante a inminente contratación dunha nova brigada contra incendios para este verán, proceso selectivo que xa está a levarse a cabo, e co fin de evitar que o Concello se vexa unha vez máis abocado a ter que acudir ante o Xulgado para resolver conflitos co persoal laboral que contrata, instamos a este Pleno da Corporación a que aprobe o seguinte acordo:

1 Solicitar ao departamento de persoal do Concello a que revise as nóminas da brigada contra incendios contratada no verán de 2016 e lle sexan abonados aos distintos traballadores/as os importes que lle correspondan.

2 Tomar as medidas que sexan necesarias para garantir que a brigada que se está a contratar no proceso de selección vixente, cobre no seu salario os importes que lle correspondan polo concepto de nocturnidade.”

Continúa dicindo que é publico e notorio que levan con este tema moitos meses porque lle preocupa que os/as traballadores/as non cobren todo aquilo ao que teñen dereito. Que é unha cuestión de xustiza e a moción é bastante clara.

A Sra. Monteagudo di que sempre están a favor dos/as traballadores/as e que cobren polo traballo que fan.

Que non saben se é posible legalmente aboarlle o do ano pasado, que terá que valoralo Intervención e Secretaría pero que se é posible e lle corresponde, que se lle abone.

Anuncia o seu voto a favor.

A Sra. González anuncia tamén o seu voto a favor porque cre que a xente que traballa en incendios non ten horario e que, por lóxica, deberían ter algún plus de nocturnidade e seguramente algún máis.

A Sra. alcaldesa di que cando se lle preguntara por ese tema que preguntou no departamento encargado e lle dixeron o que ela contestara no Pleno.

Que o revisarán e que, unha vez vista a sentenza que tamén lle pode servir ao departamento para que revise o criterio que se está seguindo desde sempre, se se pode pagar que se pagará. E que se é posible pagar o do ano 2016, que tamén.

Que esta sentenza é un antecedente importante e seguro que coinciden os argumentos pois seguro que en todos os concellos se seguía o mesmo criterio.

Votación: Unanimidade.

Acordo: Apróbase a moción presentada polo BNG:

1 Solicitar ao departamento de persoal do Concello a que revise as nóminas da brigada contra incendios contratada no verán de 2016 e lle sexan abonados aos distintos traballadores/as os importes que lle correspondan.

2 Tomar as medidas que sexan necesarias para garantir que a brigada que se está a contratar no proceso de selección vixente, cobre no seu salario os importes que lle correspondan polo concepto de nocturnidade.

A Sra. González di que ten que marchar e abandona o Pleno, ás dez horas aproximadamente.

11 ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas do grupo municipal popular:

“-Queríamos saber se se vai cambiar a data do próximo Pleno do mes de xuño, xa que coincide co día de San Pedro.

-Foi preciso realizar denuncias públicas durante máis dun ano, pero por fin se recolleron os aparellos e restos de obra que estaban depositados na estrada do convento de Louro. Rogan que se tomen medidas para que a situación non se repita.

-Están xa á volta do camiño as festas do Espírito Santo e de San Xoán de Serres, rogámoslle que se acondicionen os espazos onde se van celebrar estes eventos e se dispoñan as medidas necesarias para que se desenvolvan con normalidade.

-Que xestións se fixeron dende o goberno local sobre a oficina de correos de Esteiro? Se é que se fixo algunha, obtiveron algún resultado?

-Aínda que hai membros do seu partido, Compromiso por Galicia, que se toman a *cachondeo* as demandas da veciñanza da Abelleira, nós tomámoslo en serio, e por iso lle reiteramos unha pregunta que xa expuxemos varias veces, teñen previsto recoller as pluviais que baixan pola estrada da igrexa e a construción de beirarrúas?

-A caseta de turismo de Esteiro presenta numerosos danos, tanto nas paredes como no chan, ten madeiras levantadas. Teñen pensado amañalas antes do verán?

-Colocáronse unhas pedras no parque de Esteiro, a modo de parapeto para impedir o paso de vehículos. Teñen pensado facer algo máis nese espazo, acondicionalo dalgún xeito para goce de visitantes e veciñanza, coa colocación de mesas e bancos, por exemplo? E regular o tráfico na zona como lle pedimos reiteradamente e se aprobou neste Pleno?

-O verán está a piques de empezar. Teñen prevista algunha medida para ampliar o aparcamento e regular a circulación nas zonas de praia?

-Non se está cumprindo o plan de limpeza de espazos verdes e parques que presentaron o ano pasado, despois de moito insistir. Seguimos recibindo moitas queixas da veciñanza pola falta de limpeza dos camiños públicos. Van facer un novo plan que sexa viable?

-Vemos que de forma reiterada Intervención pon reparos ao pago das produtividades, reparos que sistematicamente son levantados pola Sra. alcaldesa. Pode darnos unha explicación a este respecto? A que se deben os reparos? E en base a que se levantan?

-Teñen pensado instalar nalgún momento o peche do patio da escola de San Xosé?

-Valoraron, como pedimos en varias ocasións, a posibilidade de facer unha marquesiña que dea servizo aos nenos e nenas da escola Ramón de Artaza?

-Na baixada da escola de infantil de Tal a beirarrúa está invadida por canas e maleza. Non se poden cortar ou pedir á propiedade que as corte?

-No Pleno pasado preguntamos pola escola de Serres. Xa solicitou información sobre a situación da propiedade desa edificación?

-Hai meses que se denunciou un vertedoiro na zona do Uhía, tomaron algunha medida para erradicalo?

-Contemplan a posibilidade de facer as andainas con carácter rotativo, polas parroquias?"

Respostas da Sra. alcaldesa.

-En relación á data do próximo Pleno que si deberían cambialo e que poden aproveitar para decidilo.

Están todos e todas de acordo en que teña lugar o 27 de xuño de 2017 e a voceira do Partido Popular pide que se lle mande un calendario coas datas tope para poder presentar mocións.

-Con respecto á oficina de correos de Esteiro que se reuniron coa xente de correos para ver cales eran os motivos do seu peche e que lles comunicaron que estaba aberta unha hora ao día e que non ía ninguén polo que non podían mantela aberta pois necesitan a xente para o reparto.

-Con respecto á recollida de pluviais en Abelleira que é unha obra de certa envergadura que non se pode facer de calquera maneira. Que hai que buscar financiamento.

-Sobre o arranxo da caseta de turismo que xa está avisado o carpinteiro da brigada de obras.

En relación ao Artón que se empezaron a colocar as pedras e se van colocar máis de xeito que non poidan acceder os vehículos á parte verde.

Que tamén están colocados un par de bolardos para que non poidan ir polo empedrado. Que se lle votou zavorra á pista de terra que tiña moitas fochancas e que se van colocar sinais de dirección prohibida, unha de estrada sen saída e outra de dirección obrigatoria para que haxa unha dirección única para entrar, ao lado do bar Paluca, e saír por outras.

Que está previsto a colocación dunhas mesas que cedeu a Comunidade de Montes de Esteiro para o que contan co permiso de Costas.

Que a idea é que sexa unha zona para gozo da xente de a pé e que non se sature só cos coches.

-Con respecto ao plan de limpeza de camiños públicos que non teñen previsto facer un novo plan. Que xa comentaron que unha cousa é a previsión e outra que a brigada poida cumprir con esa previsión porque dependen da xente que estea traballando e tamén de imprevistos.

-Que as poucas produtividades que se están a dando, que nunca se deron tan poucas, que se dá con obxectividade clara e que en todos os casos está xustifico.

-Que o peche do patio de San Xosé está a brigada de obras traballando nel.

-Que mirarán as beirarrúas da baixada da escola de Tal.

-Sobre o lixo en Uhía que se avisou á brigada de obras para que o retiraran e non sabe se xa foron ou está pendiente.

- En relación ás andainas polas parroquias, contesta o Sr. Uhía que teñen saída pola piscina por comodidade para a xente, por se precisan unha ducha.

Que non habería problema en facelo noutras parroquias.

-Sobre a escola de Serres, a Sra. alcaldesa di que non miraron nada máis.

Rogos e preguntas do PSdeG-POSE:

A Sra. Maneiro:

- Se se pintaron as zonas de aparcamento e liñas amarelas en San Francisco.

-Que nun decreto da Alcaldía hai un permiso para a instalación dun caixeiro automático en San Francisco e pregunto onde se instalaría.

-Que na sesión da Xunta de Goberno Local do 26 de abril se adxudica un contrato menor para a prestación de axuda a domicilio a unha empresa e queren saber cantas auxiliares de axuda a domicilio hai contratadas por esa empresa e cantas horas fan cada unha.

Respostas da Sra. alcaldesa:

-Empeza respondendo a última pregunta sobre a contratación dunha empresa para axuda a domicilio e explica que o contrato é para atender as horas de dependencia que ao Concello lle é imposible atender co número de persoas que ten contratadas.

Que é para que atenda esas horas, e o Concello non entre en cantas persoas, pois son persoal da empresa.

Que o Concello non ten persoal contratado a través desa empresa. Que o que fan é un seguimento de que as horas están cubertas, a xente atendida e satisfactoriamente. Que si se meten en que o persoal que teñen traballando teña unhas condicións laborais axeitadas.

Á pregunta da Sra. Maneiro de se as visitas as fai o/a traballador/a social desde empresa, a Sra. alcaldesa contesta que as do Concello poden ir a todos os domicilios e que a maiores está o persoal da empresa.

-Sobre o caixeiro de San Francisco a Sra. alcaldesa di que non recorda exactamente e o Sr. secretario aclara que no centro comercial de Amalia.

- Que as liñas amarelas en San Francisco están pendentes de pintar.

Rogos e preguntas do BNG:

“Hoxe retomaron a actividade na obra que se está a executar na subida de Serres, despois de que levase moitos días parada. Van rematar xa a obra con esta execución?”

Dita obra está ocasionando problemas na veciñanza e nos negocios que se atopan nese lugar.

-A retirada de uralita antiga, que contén amianto, é un servizo que ao ter que ser levado a cabo por empresas especializadas resulta moi caro, o que provoca que a veciñanza irresponsable acabe tirando restos deste material por calquera currunchos. Sería posible que o Concello negociase un convenio con algunha empresa especializada para abaratar o custo deste servizo e axudar a que a veciñanza actúe correctamente?

-Coa chegada do bo tempo, cada vez podemos ver máis xente que se despraza a pé desde Abelleira a Tal e viceversa. Sería posible buscar financiamento para dotar de beirarrúas a estrada que une Tal e Abelleira?

-Vanse realizar as obras prometidas á directiva da SD Esteirana no campo municipal Xosé Luís Vara que o concelleiro de Obras indicou que se levarían a cabo no pasado mes de abril?

-Cando se retirará o pau da luz da entrada para Ventín?

-Que actividades ten preparadas o Concello para a dinamización da Praza de Galicia do núcleo histórico? Vaise convocar a mesa sectorial?

-Nestes días pasados tivemos a oportunidade de ver en diversas fotos a través das redes sociais como a illa da Creba sufriu importantes modificacións nas súas infraestruturas.

En vista de que non obtén contestación algunha por parte de Costas, ten pensado o goberno municipal denunciar as obras ilegais?

-Pode o goberno municipal comprometerse a dar unha data concreta para levar a cabo a instalación do repetidor da sinal de TV en Santa Catalina?

-Hai avances nas conversas con Telefónica para dotar de ADSL por cable as parroquias de Abelleira e Torea?

-Hai algún avance nas conversas con Costas para o arranxo do paseo marítimo de Esteiro?

Sábese algo do proxecto que estaba en Madrid?

-Que medidas tomou o goberno municipal para a posta en marcha do servizo de Noitebús aprobado por este Pleno na última sesión.

-Vaise habilitar algunha praia para ser utilizada acompañados de mascotas?

-Por petición da veciñanza de Abelleira, rogamos que se arranxe o problema de visibilidade do cruce do Vilar e Bornalle en Abelleira. Hai 2 sinais que prohiben o aparcamento das que, sobre todo, os/as usuarios/as da praia fan caso omiso, reducindo e dificultando a visibilidade na saída de ambos camiños.

-Rogamos se retiren os parafusos dos antigos balancíns do parque da Alameda de Esteiro, os cales poden provocar que calquera crianza se magoe con eles.

-Rogamos que se arranxe o columpio de Portugalete que leva meses roto.

-Rogamos que se arranxen os bancos e a pasarela da praia de Ventín.

-Rogamos que se dote a área recreativa de Ventín dalgún tipo de almacén, xa que cando se tirou o antigo palco que proporcionaba ese servizo, prometeuse a instalación dun alternativo. Incluso se comentou de habilitar o oco de baixo da escaleira de acceso.

-Rogamos que se arranxe a fochanca do Ancoradoiro.

-Rogamos que o plan de limpeza das praias sexa igual para todas as parroquias; na última limpeza realizada en Semana Santa excluíronse a praia da Rocha e a de Liñares.

-Rogamos que se inste á empresa de bus de liña (no caso de ser competencia dela) a mellora na sinalización das paradas e horarios. Ante a falta dunha estación en Muros a xente de fóra anda preguntando polos bares e tendas.

-Rogamos se sitúe o bolardo que se localiza no medio e medio do paseo á altura de Portugalete para un lugar menos molesto.

-Rogamos se desenvolva o plan de mantemento xeral.

-Rogamos que se acondicione o acceso aos petróglifos da Cova da Bruxa, rozando toda a zona que está chea de maleza.”

Respostas da Sra. alcaldesa:

-Sobre a obra da subida de Serres, que a está facendo Estradas e que están tardando moito polo que preguntaron en varias ocasión e retomárona e deben estar rematando.

-Que poden estudar o tema da retirada de uralita para ver como sería, que empresas hai e se sería viable facer algún tipo de convenio.

A Sra. Monteagudo di que é un procedemento complicado cun protocolo moi estrito.

-Sobre a construción de beirarrúas que unan Tal e Abelleira que eles consideran que é unha obra importante e que agardan poder metela nalgunha subvención ou plan.

-Sobre as obras no campo de fútbol de Esteiro, o Sr. Quintela pregunta se as prolongacións xa están alí e a Sra. Simal di que o material xa está todo preparado e o Sr. Quintela di que non lle avisaran.

-Sobre o pau da luz na baixada de Ventín, a Sra. alcaldesa di que a empresa eléctrica ten a solicitude de obras presentada e que está pendente do permiso de Costas porque ten que colocar un transformador.

-Con respecto á illa da Creba que os vixiantes de Costas fixeron un informe que enviaron á Coruña e que parece ser que están na Coruña xestionando o tema das obras.

Que non sabe exactamente en que situación está e que seguirá investigando.

Que no Concello non solicitaron nada.

-Que non poden dar unha data para a instalación do repetidor de TV xa que seguen co problema do terreo para situar o poste. Que teñen todo menos un terreo que reúna todos os requisitos, que son moitos e que lles está custando máis do que contaban.

-Sobre o ADSL, que está igual.

- Sobre o de habilitar unha praia para mascotas que contan poder levar ao próximo Pleno unha ordenanza.

-Con relación ao paseo marítimo de Esteiro, que está valorando a posibilidade de ir a Madrid directamente.

- Que estivo cunha persoa da nova asociación do casco para falar da redistribución do postos do mercado e que están traballando conxuntamente.

-Que aínda non empezaron a valorar as medidas que hai que tomar para poñer en marcha o Noitebús.

Que toma nota dos rogos.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e trinta e dous minutos. Dou fe.

O secretario accidental